

O responsable do Goberno galego e o director xeral de Pemex, Juan José Suárez Coppel, asinaron o acordo de colaboración entre Petróleos Mexicanos e a Xunta de Galicia



- ▶ Feijóo ve a alianza estratéxica con Pemex “unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos” e concreta que suporá máis de 2,6 millóns de horas de traballo para o naval
- ▶ Salienta que a posibilidade de que o porto exterior de Punta Langosteira poida converterse en base lóxística da petroleira permite revitalizar o papel de Galicia como referente portuario na fachada atlántica europea
- ▶ Asegura que o convenio supón unha grande oportunidade para o futuro da nosa economía, “xa que directamente é emprego e investimento en Galicia, pero indirectamente é tamén unha mensaxe internacional de confianza en Galicia que nos abrirá portas”
- ▶ Amósase convencido de que este convenio será tamén unha grande oportunidade para a petroleira, “que coñece e vai aproveitar o enorme potencial dos nosos sectores naval e portuario”
- ▶ Resalta que Pemex, ao longo dos últimos meses, puido acreditar que Galicia acumula coñecemento histórico, enerxía e capacidades suficientes para cumprir as expectativas e conta cunha posición xeoestratéxica indubidable.

A Xunta aproba o proxecto de Lei de inclusión social de Galicia, que contará cunha coordinación das políticas sociais coas políticas de emprego e cunha nova RISGA flexible e modular

- ▶ Feijóo salienta que con esta normativa, que conta cunha memoria económica de 100 millóns entre os anos 2012-2014, serán compatibles rendas laborais e rendas sociais
- ▶ Actualízase unha lei que levaba 21 anos de vixencia, cun texto “que se sitúa na vangarda das novas directivas europeas.

O Plan de dinamización demográfica da Xunta promove 50 medidas de sensibilización, impulso económico e apoio ás familias

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, entregou ao Parlamento o “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2012-2015. Horizonte 2020” e explicou o seu contido en rolda de prensa
- ▶ Salientou que a situación demográfica de Galicia é “especialmente preocupante”, e concretou que as previsións máis negativas din que en 40 anos –no ano 2051- Galicia terá menos poboación da que tiña no ano 1900.



Sumario	Política social	2-6	Relacións laborais	11
	Formación e emprego	7-9	Xuventude e voluntariado	12
	Informe do paro rexistrado	9	Normativa	13-19
	Seguridade e saúde laboral	10	Publicacións	20

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro rexistrado de 1.036 persoas

Política social

O Plan de dinamización demográfica da Xunta promove 50 medidas de sensibilización, impulso económico e apoio ás familias



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, entregou no Parlamento o “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2012-2015. Horizonte 2020” e explicou o seu contido en rolda de prensa
- ▶ Salientou que a situación demográfica de Galicia é “especialmente preocupante”, e concretou que as previsións máis negativas din que en 40 anos –no ano 2051- Galicia terá menos poboación da que tiña no ano 1900
- ▶ Para a elaboración deste plan, tiveronse en conta as intervencións realizadas na Comisión parlamentaria, así como unha enquisa que se realizou para coñecer o problema específico desta comunidade autónoma, e que amosa que os galegos non perciben o problema demográfico
- ▶ O proxecto do plan, que se completará coas achegas dos grupos parlamentarios, establece catro áreas de intervención: a sensibilización da sociedade, o impulso socioeconómico da maternidade e paternidade, o apoio ás familias e a coordinación entre administracións
- ▶ Entre outras medidas, que se esperan poder pechar posteriormente cos grupos parlamentarios, destacan o reforzo de apoios económicos segundo o número de fillos; a promoción de tarifas de tipo social nas empresas; a creación de novas prazas de escolas infantís ou o impulso da conciliación nos sectores público e privado

Galicia. A primeira consecuencia desta transformación é o “envelhecimento da poboación”, e os expertos xa cualifican esta situación como “inverno demográfico”. De feito, o índice sintético de fecundidade (número de fillos por muller) non chega en ningún país europeo á taxa necesaria para o recambio xeracional -que se sitúa nos 2,1 fillos- pero, aínda así, Galicia está máis lonxe que España e Europa deste indicador. En Galicia, este índice sitúase nos 1,08 fillos por muller (1,02 fillos por debaixo da taxa necesaria para garantir o relevo xeneracional).

De feito, as previsións máis negativas din que Galicia en 40 anos –isto é, no ano 2051- tería menos habitantes que tiña no ano 1900, isto é, contaría cunha poboación de 1,7 millóns de habitantes, cando no ano 1900 tiña 1,9 millóns de habitantes. Isto é, Galicia perdería en 40 anos máis dun millón de habitantes (a poboación de 2011 é de 2,7 millóns), o 37 por cento da súa poboación. Ou o que é o mesmo, “perdería en catro décadas máis poboación da que gañou nun século”.

Do mesmo xeito, hai outros indicadores en Galicia que son peores que na media do Estado e de Europa como son a taxa bruta de natalidade, a idade media dos galegos, a porcentaxe de poboación menor de 14 anos, e moi

significativamente, o saldo vexetativo que en Galicia é negativo (por cada 1.000 persoas, morren 2,81 persoas máis das que nacen); mentres que na media de España e de Europa é positivo.

Enquisa

Para a elaboración deste plan, elaborouse previamente unha enquisa para obter “un radiografía” do problema en Galicia. Neste estudo, segundo explicou a conselleira, realizáronse 1.200 entrevistas a persoas con idades de entre os 15 e os 65 anos.

Os resultados amosan, como principal conclusión, que os galegos non perciben o problema demográfico. De feito, de cinco cuestións que se formularan (emprego, cambio climático, situación democrática, emigración e poucos nacementos), o problema demográfico quedou en último lugar, cunha notable diferenza coas outras preguntas, xa que só foi considerado como o principal problema por un 18 por cento dos enquisados.

Da enquisa tamén se reflicte que a poboación galega interpreta que a natalidade é unha decisión individual, sen repercusión colectiva. Así, preguntados sobre os factores que impulsan á decisión de ter fillos, case o 60 por cento falou dun obxectivo persoal como

principal factor; seguido pola estabilidade económica, que se quedou nun 23 por cento.

Ao mesmo tempo, o estudo reflicte tamén que hai un modelo familiar moi consolidado, de 1 ou 2 fillos; e que o factor máis importante á hora de retraer a decisión da maternidade/paternidade é non ter estabilidade de parella, que supera a outros criterios como non contar con servizos e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Pola contra, estes servizos si son tidos en conta como criterio para reforzar a decisión de ser nai ou pai, xunto coa flexibilidade horaria.

Catro áreas de intervención

O plan que se presenta agora, para ser concretado e completado en sede parlamentaria, parte, polo tanto, da realidade específica de Galicia e ten un enfoque transversal e a longo prazo. O seu obxectivo, expuxo Mato, é propor medidas para un problema estrutural como é o demográfico, sensibilizar os galegos e, en definitiva, garantir a sustentabilidade da sociedade

galega a través dun “compromiso sólido, firme e invariable no tempo”, tanto das distintas administracións, como dos axentes económicos e sociais, e da sociedade en xeral.

Estrutúrase en 50 medidas, que se articulan en torno a 13 obxectivos estratéxicos e 4 áreas de intervención. A primeira área de todas é a sensibilización para a dinamización demográfica, unha área fundamental, máis tendo en conta os resultados da enquisa. Para abordar esta área, propónse a posta en marcha de campañas e accións de sensibilización, guías informativas sobre recursos ou servizos para as familias, ou a creación dunha comisión interdisciplinar para o impulso demográfico.

A segunda área céntrase no impulso socioeconómico á maternidade/paternidade. Neste eido de actuacións, propóñense medidas como reforzar os apoios económicos vinculados ao nacemento e crianza dos fillos, a través dunha progresión segundo o número de fillos. Tamén se abordan medidas como a axilización dos trámites de adopción internacional, o

impulso de novas abordaxes entre as empresas nas excedencias ou redución das xornadas; ou campañas de sensibilización entre as empresas para que apliquen tarifas de tipo social ou distintas bonificacións ás familias –non só ás numerosas-.

A seguinte área, de apoio ás familias, contén medidas como a creación de novas prazas de escolas infantís, co obxectivo de acadar a cobertura de prazas públicas do 33 por cento recomendada pola Unión Europea. Ata o de agora, xa se crearon 2.400 prazas no que vai de lexislatura, e ese esforzo continuará coa planificación prevista. Para esta área de intervención, tamén se recollen outras medidas como o fomento da racionalización dos horarios dos centros de atención (isto é, axustar os horarios ás demandas reais das familias); ou a diversificación de servizos prestados á infancia, estudando actuacións como as casas nido no rural, ou a asistencia á domicilio para á infancia. Ademais, estudárase promover medidas para favorecer o acceso á vivenda e aos transportes

das familias.

O último núcleo de intervención aborda a coordinación interdepartamental e a transversalidade. Para acadar os seus obxectivos, impulsáronse medidas como foros e congresos especializados, convenios entre distintas administracións públicas, ou o establecemento da promoción do crecemento demográfico como criterio positivo de valoración nas convocatorias das axudas da Administración.

En resumo, concluíu Mato, trátase da primeira vez que unha comunidade autónoma propón “de maneira decidida” un plan para atallar o problema demográfico. O documento aposta polo desenvolvemento sustentable, cohesionado e integrador de Galicia e “sitúa a cuestión demográfica entre as máximas prioridades do Goberno galego”. Ademais, aborda o problema a longo prazo “xa que o período 2012-2015 comprende só a súa primeira fase, pero no 2015 farase unha profunda avaliación para comprobar se se teñen implementado as medidas necesarias”.

Iníciense as xuntanzas cos axentes sociais de Galicia para presentar o Plan de dinamización demográfica

Santiago, 9 de maio de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de iniciar xuntanzas cos principais axentes sociais de Galicia para presentar-lles o “Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2012-2015. Horizonte 2020”, que contén un total de 50 medidas para atallar o problema demográfico específico desta comunidade autónoma.

A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, reuniuse co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), José Manuel Rey, e outros representantes da entidade para coñecer de primeira man as súas achegas a esta problemática social e co fin de divulgar e sensibilizar sobre a situación real. Á xuntanza

acudiron tres vicepresidentes da FEGAMP, así como o director e secretario xeral da federación.

Piñeiro convocou a Confederación Galega de Empresarios (CEG) e os sindicatos que forman parte do proceso do diálogo social de Galicia. Pola súa banda, as principais entidades galegas que traballan no eido da infancia, como Cruz Vermella e a Asociación Galega de Familias Numerosas, xa coñeceron o documento.

O documento artículase ao redor de catro áreas de intervención: a sensibilización da sociedade, o impulso socioeconómico da maternidade e paternidade, o apoio ás familias e a coordinación entre administracións.

Piñeiro resaltou a necesidade deste plan

dada a transformación demográfica que se está producindo en toda Europa. A primeira consecuencia desta transformación é o “envelhecimento da poboación”, e os expertos xa cualifican esta situación como “inverno demográfico”. De feito, o índice sintético de fecundidade (número de fillos por muller) non chega en ningún país europeo á taxa necesaria para o recambio xeneracional -que se sitúa nos 2,1 fillos- pero, aínda así, Galicia está máis lonxe que España e Europa deste indicador. En Galicia, este índice sitúase nos 1,08 fillos por muller (1,02 fillos por debaixo da taxa necesaria para garantir o relevo xeneracional).

Política social

Feijóo salienta que a posta en marcha nestes tres anos de 37 novas escolas infantís, “unha nova escola infantil máis cada mes”, e 2.400 novas prazas públicas infantís acreditan que “estamos recollendo os froitos dunha política rigorosa”

- ▶ Sostén que o feito de que Galicia conte cun 44% máis de prazas públicas de escolas infantís das que había ao inicio da lexislatura demostra que “en Galicia somos capaces de manter as contas públicas saneadas e de priorizar os investimentos en Benestar”
- ▶ Resalta que, na actualidade, Galicia conta cun total de 17.600 prazas financiadas con fondos públicos
- ▶ Afirmar que a novidade de aboar directamente o cheque infantil aos pais e ás nais supón unha aposta pola conciliación e unha aposta pola liberdade dos pais para utilizar o diñeiro público na escola infantil da súa elección

Santiago, 25 de maio de 2012.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que a posta en marcha, nestes tres anos, de 37 novas escolas infantís e 2.400 novas prazas públicas infantís acreditan que “estamos recollendo os froitos dunha política rigorosa”.

Durante unha visita á nova Escola Infantil do Pino, Feijóo afirmou que os datos son suficientemente ilustrativos: “Unha escola infantil máis cada mes nos últimos tres anos acreditan que o esforzo dos galegos empeza a dar resultados concretos; e 2.400 novas prazas infantís, nestes tres anos, é dicir, un 44% máis das que había ao inicio da lexislatura no ano 2009, acredita que, en Galicia somos

capaces de manter as contas públicas saneadas e de priorizar os investimentos en Benestar”.

Diante destas cifras, o responsable autonómico subliñou que, na actualidade, Galicia conta cun total de 17.600 prazas financiadas con fondos públicos; “e iso significa – reiterou– que temos 17.600 prazas de escolas infantís en plena crise económica”.

Así mesmo, Feijóo referiuse ao cheque público infantil “no que temos introducido a novidade de aboar directamente o cheque infantil aos pais e ás nais; o que significa que sexan os pais, co cheque infantil financiado con fondos públicos, os que elixan a escola infantil onde queren levar aos seus rapaces. Unha aposta



pola conciliación e unha aposta pola liberdade dos pais para utilizar o diñeiro público na escola infantil da súa elección”.

Amais desta modificación, o presidente do Executivo galego resaltou un incremento do orzamento de máis dun 11% sobre o orzamento do pasado exercicio.

Feijóo destacou que esta nova Escola Infantil do Pino, na que se investiu case un millón de euros e da que se beneficiarán máis de 40 familias, acredita que mellorar as prestacións dos servizos públicos e

preservar os servizos públicos fronte á crise económica segue sendo un obxectivo do Goberno da Xunta. “Preservar a sanidade pública, a educación pública, os servizos sociais segue sendo un obxectivo do Goberno galego e, por iso, de cada 4 euros do orzamento de Galicia, 3 euros dedícanse aos servizos públicos sanitarios, educativos e sociais. En Galicia non só mantemos o que temos senón que estamos intentando incrementar o que tiñamos ao principio da lexislatura”.

A nova orde do cheque infantil, dotada cun orzamento de 1,7 millóns de euros, outorgará a axuda directamente ás familias

Santiago, 30 de maio de 2012.- O Diario Oficial de Galicia publicou a nova orde das axudas económicas para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos, coñecida como o “cheque infantil” (DOG nº 102, do 30.05.2012). Para esta nova convocatoria, o Goberno autonómico presenta unha importante novidade, moi demandada polas familias e as xestoras dos centros, que é a libre elección para os perceptores de cheque.

A partir deste ano, os pais e nais poderán elixir sen restricións o centro no que matriculan aos seus fillos, xa que as familias percibirán directamente esta contía a través dun bono mensual.

Ata agora, os usuarios que accedían a esta vía só podían acadar unha praza nalgún dos centros adscritos a este programa, posto que eran os propios centros os que percibían a subvención.

Esta modificación introduciuse co fin de facilitar aos pais e nais unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado, o que permitirá facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ao non ter que adaptarse a un listado pechado de centros. Esta orde foi, ademais, consensuada coas principais asociacións de escolas infantís privadas.

Para este curso 2012-2013, a orde conta

cun orzamento de 1,7 millóns de euros, o que supón 200.000 euros máis que o ano anterior. Con respecto aos beneficiarios, o número adoita situarse en torno aos 1.000 usuarios cada curso, pero non se pode facer unha estimación de cara a este ano, porque a cifra de beneficiarios variará en función da renda das familias que a soliciten.

A contía que percibirá cada usuario oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas familiares máis altas, ata os 250 euros das rendas máis baixas cando acceden a unha praza educativa con comedor. En ningún caso, a contía poderá superar o custo da praza.

A Xunta aproba o proxecto de Lei de inclusión social de Galicia, que contará cunha coordinación das políticas sociais coas políticas de emprego e cunha nova Risga flexible e modular

Santiago, 18 de maio de 2012.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou a aprobación no Consello da Xunta do proxecto de Lei de inclusión social de Galicia, que contará cunha coordinación das políticas sociais coas políticas de emprego e cunha nova Risga flexible e modular. “En resumo, queremos evitar que as situacións de exclusión social se convertan en algo crónico e que os beneficiarios sexan considerados como meros perceptores de subsidios; queremos tratalos como suxeitos capaces de superar a situación de exclusión social motivándoos para a inserción laboral e incentivando e apoiando esa inserción laboral”, explicou.

Feijóo afirmou, deste xeito, que con esta normativa, que conta cunha memoria económica de 100 millóns de euros entre os anos 2012-2014, serán compatibles rendas laborais e rendas sociais. “Actualizamos unha lei que levaba 21 anos de vixencia cun texto que se situaba na vangarda das novas directivas europeas, porque intenta afondar no camiño dunha política real de integración acorde coa estratexia europea 2020. E damos cumprimento a un dos acordos acadados no diálogo social e, tamén, a un dos acordos do debate do estado de autonomía”.

Para acadar esa estratexia verdadeiramente integradora entre a capacidade laboral e a necesidade social, o titular da Xunta avanzou, no eido da coordinación das políticas sociais coas políticas de emprego, que se reforzará as sinerxias entre a área de inclusión social da Xunta e a área de emprego. “Imos crear un itinerario de inserción único e coherente. No eido da propia prestación promoveremos o fomento do acceso ao mercado de traballo ao asegurar ao beneficiario unha contía a maiores

se cumpre o itinerario laboral; e, por outra banda, as oficinas de emprego estarán en permanente contacto coas oficinas sociais para, realmente, coordinar os servizos de emprego e os servizos sociais”.

Neste sentido, cabe destacar que unha das novidades é que se realizará unha diagnose da empregabilidade de todas as persoas que cobran a renda de integración. Para iso, os servizos sociais comunitarios traballarán de maneira coordinada co persoal técnico de orientación laboral para facer unha diagnose realista das posibilidades de emprego.

Así mesmo, a Risga faise por primeira vez compatible coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. “Deste xeito, garántese que a persoa nin abandone o seu proxecto de inserción, nin renuncie á realización dun traballo, nin tampouco recorra á economía somerxida”.

Unha nova Risga con tres tramos de actuación

O proxecto de lei articula unha nova Risga para adaptarse a cada caso, contemplando tres tramos de actuación.

O primeiro tramo, o ‘persoal e familiar’, suporá unha percepción básica similar á actual -75% do lprem- pero se incrementará no complemento polo primeiro convivente (do 12% do lprem pasa ao 14%) e no complemento polo segundo convivente (do 10% do lprem ao 12%). “Polo tanto, hai unha contía anual que será prorrogable e elimínase o máximo de catro anos como perceptores, coa posibilidade de que se incremente ese máximo de catro anos en función da situación do perceptor da Risga”.

En relación ao segundo tramo, o ‘de inserción’, o beneficiario poderá percibir unha contía a maiores



O presidente da Xunta, na rolda de prensa tras o Consello

do tramo persoal, co fin de estimular o seu acceso ao emprego. Para percibir este tramo esixírase un compromiso de seguir un itinerario de inserción laboral. Neste tramo, que terá unha duración máxima de 18 meses, tamén se incrementan as contías: a percepción sen convivintes terá un incremento do 11% con respecto á contía anterior.

“O terceiro tramo –explicou Feijóo– é o de transición ao emprego e consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo. A contía vai diminuindo gradualmente ata extinguirse no sétimo mes e percibirase o que se viña percibindo ata o momento do contrato laboral ata un límite de 865 euros (suma entre a Risga e os honorarios como consecuencia dunha inserción laboral conquerida polo titular da Risga). A partir de aí, se os ingresos laborais superan sumados aos da Risga os 865 euros ao mes, diminuirá a prestación social ata este máximo de 865 euros ao mes”.

Segundo o presidente do Goberno galego, con estas modificacións preténdese dar resposta a algunhas disfuncións como a cronificación da situación de exclusión social. “Detectouse, tamén, a perda de vinculación do beneficiario

co proxecto de inserción. Isto produciase porque todos asinaban un proxecto de inserción pero había algúns que non podían realmente cumprilo e, polo tanto, quedaba sen efecto o compromiso de iniciar unha inserción laboral. Coa división en tres tramos permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir un proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, tamén, incentivamos a incorporación a estes proxectos permitindo a recepción dunha contía a maiores para aqueles que inicien realmente un proxecto de inserción porque están capacitados desde o punto de vista físico e de formación”.

Outra das disfuncións que se viñan detectando e que se soluciona co novo documento é que, actualmente, na práctica se penalizaba a realización de traballos esporádicos ou accións formativas, porque a percepción da Risga se reducía ou se suspendía neste caso. “Con esta lei –reiterou– o que tratamos é de que aqueles que teñen traballos esporádicos podan seguir percibindo a Risga e, así, reducir a capacidade de economía somerxida e reducir o desinterese de incorporarse a un traballo”.

Política social

Máis de 1.300 menores encóntranse nun réxime de acollemento familiar na actualidade en Galicia, o 88% en familia extensa

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a presidenta autonómica de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro, presentaron unha campaña de divulgación de acollemento familiar na Coruña
- ▶ Mato destacou o progresivo descenso na porcentaxe de menores ingresados en centros residenciais ata o 34% do total, fronte ao 66% de menores que están en acollemento familiar
- ▶ Se temos en conta que en 2010 a porcentaxe era do 44%, en menos de ano e medio a cifra de ingresos en centros reduciuse en dez puntos porcentuais
- ▶ Esta campaña desenvólvese no marco do convenio asinado entre a Xunta e Cruz Vermella o pasado mes de febreiro, que prolonga unha colaboración que vén desde 1995
- ▶ En 2012 a Consellería de Traballo e Benestar achegará a este convenio un total de 300.000 euros.



A Coruña, 11 de maio de 2012.- Un total de 1.363 menores encóntranse a día de hoxe en réxime de acollemento familiar en Galicia, dos que o 88% corresponden a acollementos en familia extensa, é dicir, por parte de familiares distintos aos pais. Neste senso, ao longo do pasado ano preto de 1.600 menores galegos residiron nalgún momento cunha familia en réxime de acollida.

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na presentación, xunto á presidenta autonómica de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro, da campaña conxunta de

acollemento familiar que, baixo o lema 'Abre outra porta no teu corazón', pretende impulsar este recurso de protección temporal fronte ao internamento do menor nun centro.

Segundo explicou Beatriz Mato, cando un menor, por diversas circunstancias, non pode permanecer cos seus pais, a mellor alternativa é favorecer a posibilidade de que viva nun fogar cunha familia, tal e como impulsa e protexe a lexislación autonómica. De feito, a Lei de apoio á familia e á convivencia en Galicia, aprobada no Parlamento o pasado mes de xuño, establece unha

especial protección para as familias acolledoras, tanto extensas como alleas (sen relación de parentesco cos menores).

A responsable do departamento autonómico destacou o progresivo descenso na porcentaxe de menores ingresados en centros residenciais na comunidade. Unha porcentaxe que, a día de hoxe, é do 34% do total de menores tutelados ou en garda, fronte ao 66% de menores en situación de acollemento familiar.

Se temos en conta que en 2010 a cifra era do 44%, en menos de ano e medio a porcentaxe de ingreso en

centros reduciuse en dez puntos. Un camiño polo que hai que seguir, segundo incidiu Mato, porque son máis de 700 os menores que na actualidade residen nun dos centros dependentes da Xunta.

Esta campaña desenvólvese no marco do convenio asinado entre a Xunta e Cruz Vermella o pasado mes de febreiro, que prolonga unha colaboración que se vén dando desde o ano 1995. De feito, en 2012 a Consellería de Traballo e Benestar incrementou nun 50% a súa achega ao convenio, ata os 300.000 euros.

Benestar manifesta o seu compromiso de manter o apoio a CERMI en materia social e de emprego

Santiago, 10 de maio de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar manifestou a súa vontade de manter neste exercicio o apoio e colaboración do ano pasado ao Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI), tanto no eido social, como en materia de emprego. Así llo trasladaron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e os responsables das áreas social e de emprego do departamento ao Comité Executivo de CERMI no decurso dun encontro que tivo lugar en Santiago.

No mesmo, os representantes desta organización, composta pola

Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), ONCE, a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga-Feaps), a Federación de Asociacións de Sordos de Galicia (Faspega), a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (Feafes), Down Galicia, Autismo Galicia e a Federación Española de Dano Cerebral (Fedace), puideron expoñer as súas preocupacións aos membros da Consellería de Traballo e Benestar.

Neste senso, os membros do departamento autonómico lles

trasladaron a súa vontade de manter estes apoios no 2012, o que exemplifica o esforzo da Xunta de Galicia para axudar ás entidades de iniciativa social nun momento de dificultades económicas, ante o que as entidades que compoñen CERMI mostraron o seu agradecemento.

Cómpre salientar que, co obxectivo de apoiar as persoas con discapacidade, a Xunta conta co Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, aprobado polo Goberno galego, e que xa se está a executar.

<http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Bibli...>



Formación e emprego

O presidente da Xunta avanza a posta en marcha de catro programas para fomentar o emprego, destinados a 2.700 persoas e cun importe de 4,6 millóns de euros



O presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, durante a súa comparecencia ante os medios tras a reunión do Consello

Santiago, 31 de maio de 2012.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, tras o Consello da Xunta, a posta en marcha de catro programas para fomentar o emprego, destinados a 2.700 persoas e cun importe de 4,6 millóns de euros.

Nun primeiro termo, Feijóo destacou a renovación da aposta polo cooperativismo a través da sinatura dun convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Universidade de Santiago e as principais

asociacións cooperativas de Galicia para formar a 36 alumnos, "para posteriormente ilos introducindo nas distintas cooperativas".

O titular da Xunta subliñou que o Goberno galego investirá no cooperativismo, neste 2012, 6,5 millóns de euros e lembrou que, na actualidade, existen máis de 1.140 cooperativas, con 88.000 socios.

No tocante ao programa de formación de especialistas na mellora da produtividade das pequenas e medianas empresas, o responsable

autonómico explicou que este programa, cunha inversión de 1 millón de euros, converterá 100 titulados en especialistas neste eido. "Seleccionaremos 200 titulados aos que daremos formación e, 100 deles poderán traballar durante un ano nunha media de 4 empresas –rotando– e contar cun período de formación máis específico doutro ano", precisou.

Feijóo destacou, tamén, o convenio coa Administración central, dotado con 1,6 millóns de euros, para formar 500 traballadores que se atopen en expediente de regulación de emprego no ámbito do naval; "para traballadores do naval que teñan sido afectados por un ERE de suspensión e tamén estean desempregados".

"Estamos a falar de cursos para adaptarse ás novas tecnoloxías e á evolución dos sistemas de produción no sector naval", explicou ao que engadiu que a importancia deste convenio radica en que "é a primeira vez que asinamos un convenio destas características dedicado exclusivamente ao sector naval; e cumprimos un dos acordos do diálogo social que mantemos

nas mesas con Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Comisións Obreiras e a patronal".

Por último, Feijóo referiuse á nova convocatoria de programas integrados de emprego para mellorar a inserción laboral de 2.000 desempregados. "Trátase de buscar un tratamento integral para combinar a orientación, a formación, a práctica laboral e a mobilidade xeográfica", dixo, logo de resaltar que os beneficiarios serán concellos e entidades sen ánimo de lucro que acrediten experiencia en accións de inserción laboral.

Así mesmo, subliñou que terán prioridade os municipios nos que o paro, no ano 2011, sexa superior a 1.000 persoas ou que experimente un crecemento superior ao 35%. "A prioridade máxima será para os municipios que no ano 2011 contaron con máis de 2.000 desempregados e experimentaron un crecemento superior no seu termo municipal do desemprego do 50%".

Os obxectivos de inserción non poden ser inferiores ao 30-35 por cento das persoas atendidas no programa.

Mato destaca a aposta "firme" da Xunta pola formación de calidade certificada e orientada ás necesidades reais do mercado laboral

A Coruña, 4 de maio de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou na Coruña a aposta "firme" que a Xunta de Galicia está a facer pola formación de calidade certificada e orientada ás necesidades reais do mercado laboral.

Resaltou que a formación para o emprego é un dos "eixos fundamentais" nos acordos do Diálogo Social no transcurso da visita que realizou ás novas instalacións do Centro da Fundación

Formación e Emprego (Forem) da Coruña, unhas instalacións onde se impartirá formación certificable nas especialidades de administración e xestión; artes gráficas; electricidade e electrónica; enerxía e auga; instalación e mantemento; informática e comunicación; e servizos socioculturais á comunidade.

No eido da formación certificable, a titular de Traballo lembrou que xa son máis de 30.000 os galegos que recibiron estes coñecementos ao longo desta lexislatura.

"A formación certificable é a forma de que as habilidades dos traballadores e traballadoras teñan reflexo nos seus currículos a través dun certificado de profesionalidade de validez estatal", apuntou Mato.

Con respecto ás novas instalacións de Forem, a conselleira apuntou que será un centro destinado integramente á formación profesional para o emprego, onde os traballadores e traballadoras poderán mellorar a súa capacitación profesional e incrementar as

súas posibilidades de inserción e progreso dentro do mercado laboral. "Este centro contribuirá moi positivamente á formación, á empregabilidade e ao desenvolvemento profesional dos galegos e galegas", sinalou.

Por último, Mato destacou o labor que realiza Forem Galicia a través dos 7 centros cos que conta en Galicia, que constitúen unha rede de infraestruturas especializada en diversos ámbitos ocupacionais.

Formación e emprego

Feijóo ve a alianza estratéxica con Pemex “unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos” e concreta que suporá máis de 2,6 millóns de horas de traballo para o naval

► O asinamento deste convenio supón poder dicir a un sector que o está pasando mal como o naval, que ten presente e que ten futuro; e que Galicia camiña firme na internacionalización da súa economía e dá hoxe signos claros de que é un territorio apto e seguro para investir

Santiago, 24 de maio de 2012.-

O responsable do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, cualificou, durante a sinatura co director xeral de Pemex, Juan José Suárez Coppel, do acordo de colaboración entre Petróleos Mexicanos e a Xunta, a alianza estratéxica con Pemex como “unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos”.

Durante o acto, Feijóo salientou que se trata dunha “gran noticia” para o futuro do sector naval galego, e precisou que a construción de 7 remolcadores exclusivamente en estaleiros galegos, doutros 7 en colaboración con estaleiros mexicanos e a posibilidade de adquirir un flotel supón case 250 millóns de euros de investimento (máis de 310 millóns de dólares), máis de 2,6 millóns de horas de traballo que derivan en 2.500 postos de traballo directos e indirectos “e, polo tanto, esperanza para un dos nosos principais sectores produtivos”.

Unha grande oportunidade para o sector portuario galego e para a economía galega.

O titular da Xunta reiterou que a alianza estratéxica con Pemex é unha grande oportunidade para o futuro do noso sector portuario, “xa que a posibilidade de que o porto exterior de Punta Langosteira poida converterse en base loxística da petroleira permite revitalizar o papel de Galicia como referente portuario na fachada atlántica europea”; e unha grande oportunidade para o futuro da nosa economía, “xa que directamente é emprego e investimento en Galicia, pero indirectamente é tamén unha mensaxe internacional de confianza en Galicia que nos abrirá máis portas”.

E amosouse convencido de que este convenio será tamén unha grande oportunidade para a petroleira, “que coñece e vai aproveitar o enorme potencial dos nosos sectores naval e portuario”. Deste xeito, Feijóo expresou o seu orgullo de, como presidente de Galicia, poder abrir esta alianza estratéxica, e de facelo coa seguridade de que os traballadores e os emprendedores cos que Pemex se vai relacionar, nos próximos meses, contan cunha valía profesional que resiste calquera comparación con calquera sector naval do mundo. “Eles son os grandes beneficiarios deste acordo, pero tamén a súa principal garantía”, dixo.

O titular da Xunta salientou que este acto de sinatura é “a proba de que naquel litoral que despedía emigrantes, agora se reciben e envían mercadorías, se prestan servizos e se participa en suma no mundo globalizado, ata o punto de atraer o interese da cuarta petroleira do mundo”.

Feijóo referiuse así ás dúas razóns que o fixeron posible, e que puideron comprobar diversos directivos de Pemex ao longo dos últimos meses: “a primeira delas puideron constatala nos distintos estaleiros galegos e nas infraestruturas portuarias que visitaron. Alí puideron acreditar que Galicia acumula coñecemento histórico, enerxía e capacidades suficientes para cumprir as expectativas máis ambiciosas e esixentes das principais petroleiras do mundo. Se Pemex viu unha oportunidade en Galicia é porque contamos cunha posición xeoestratéxica indubidable, pero tamén con capacidade de produción, de recursos e de coñecementos



tecnolóxicos no naval e no ámbito portuario”.

Implicación política da Xunta e dos Gobernos español e mexicano

A segunda razón que fixo posible materializar esta colaboración é, segundo o presidente autonómico, a implicación política: a implicación da Xunta, “que foi permanente desde que iniciamos os primeiros contactos”; e a implicación dos Gobernos español e mexicano, “e dos seus respectivos presidentes –Mariano Rajoy e Felipe Calderón–, que incluíron este asunto na axenda bilateral de ambas as dúas nacións e cuxo impulso, sen dúbida, foi fundamental para que puidésemos pechalo só unhas poucas semanas despois do seu encontro en México D.F.”.

Feijóo concluíu a súa intervención incidindo en que grazas a eses dous factores, “o principal directivo de Pemex desprazouse a Galicia para darnos unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos”. “O asinamento deste convenio supón poder dicir a un sector que o está pasando mal como o naval, que ten presente e que ten futuro; poder dicir que unha infraestrutura como o porto exterior de Punta Langosteira e todo o sistema portuario de Galicia pode ser un importante dinamizador da nosa economía; e que Galicia camiña firme na internacionalización da súa economía e dá hoxe signos claros de que é un territorio apto e seguro para investir”.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro rexistrado de 1.036 persoas

Santiago, 4 de xuño de 2012.- Galicia rexistrou no mes de maio un descenso do paro rexistrado de 1.036 persoas, o que supón en termos porcentuais unha baixada do 0,37 por cento. Deste xeito, a Comunidade autónoma pechou o mes pasado cun total de 276.608 persoas desempregadas.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, valorou este dato por “tratarse da primeira baixada do ano do desemprego en Galicia” e confiou en que nos próximos meses da tempada estival continúe este comportamento. Con todo, precisou que non se trata dun cambio de tendencia, senón que maio é un mes onde tradicionalmente se rexistran descenso do desemprego.



Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, agás na Coruña. Onde máis diminuíu o número de parados foi en Ourense (-558), seguida por Pontevedra (-337) e por Lugo (-211). Na provincia da Coruña o paro aumentou en 70 persoas

Desagregado por sectores, o desemprego descendeu en tres e aumentou en dous. En concreto, as maiores baixadas rexistráronse no colectivo sen emprego anterior (-804), seguido pola industria (-605) e pola construción (-315). Pola contra, o número de persoas desempregadas aumentou no sector servizos (+615) e na agricultura e na pesca (+73)

No Estado o desemprego diminuíu nun 0,63 por cento, o que supón un descenso de

30.113 persoas, de xeito que o número de desempregados en España sitúase en 4.714.122.

No mes de marzo rexistráronse en Galicia un total de 52.043 contratos, 5.491 contratos máis que no mes anterior; deste total, 4.217 foron indefinidos (8,1%) e 47.826 temporais (91,9%).



Seguridade e saúde laboral

O plan do ISSGA para 2012 contén 72 medidas de distintas modalidades preventivas para combater a sinistralidade laboral

Santiago, 8 de maio de 2012.- O Plan anual do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para 2012 contén un total de 72 actuacións nas distintas modalidades preventivas: seguridade, hixiene, ergonómia, psicoloxía e medicina no traballo co fin de combater a sinistralidade laboral.

Así o salientou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración dunha xornada sobre prevención de riscos laborais na Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

Entre estas 72 actividades, a titular do departamento autonómico salientou algunhas iniciativas novas como a posta en marcha dun programa forestal; a análise da sinistralidade laboral en profesións feminizadas; a posta en marcha do mapa das enfermidades profesionais; o desenvolvemento de estudos epidemiolóxicos de redeiras; o estudo das causas dos accidentes graves e

mortais en Galicia; a elaboración do mapa de risco químico; ou a formación para a administración local.

Estes plans anuais de actividades veñen a desenvolver o Plan estratéxico en prevención de riscos laborais 2011-2014, que foi “deseñado, consensuado e acordado por todos os axentes implicados no marco do diálogo social”.

Ademais, a Xunta tamén está a traballar noutros ámbitos como o impulso da coordinación e da transversalidade entre os distintos departamentos do Goberno galego, ou o fortalecemento da colaboración entre as autoridades laboral, sanitaria e educativa.

Grazas a estes esforzos, no período 2007-2012 a sinistralidade tense reducido en máis do 33 por cento –cando o obxectivo da Unión Europea para este período era do 25 por cento, polo que Galicia superou a meta marcada-. Esta tendencia á baixa reflíctese tamén nos

resultados deste primeiro trimestre de 2012, que amosan que a redución foi –en comparación co mesmo período do ano anterior- do 16,5 por cento.

Con todo, Mato fixo fincapé en que é preciso “seguir avanzando na redución da sinistralidade, sobre todo tendo en conta que a maioría de accidentes e enfermidades laborais son evitables”.

Ademais, salientou que a seguridade e saúde laboral deben seguir sendo un “obxectivo prioritario”, dado que incrementan a protección dos traballadores e tamén contribúen á eficiencia empresarial, ao mellorar a produtividade e a competitividade, ao reducir os custos de absentismo e da compensación dos danos, e ao aumentar a motivación dos traballadores.



▶ Beatriz Mato na inauguración dunha xornada sobre prevención de riscos laborais na Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

O ISSGA contabiliza 344 casos de enfermidades profesionais no primeiro trimestre do ano 2012

Santiago, 27 de maio de 2012.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) rexistrou no primeiro trimestre deste ano un total de 344 partes de enfermidades profesionais, dos que 203 foron con baixa. Se se realiza a distribución por sexos, 183 foron homes e 161 mulleres.

O ISSGA, en tanto órgano técnico en prevención de riscos laborais, desenvolve unha liña de actuación sistematizada para o estudo estatístico da incidencia das enfermidades profesionais en Galicia e a investigación das súas causas. Esta recomendación sistematizada de datos serve ao ISSGA para analizar, investigar e

avaliar as causas e factores determinantes das enfermidades profesionais e priorizar o asesoramento técnico, as campañas de divulgación e sensibilización e a temática das xornadas técnicas, en función dos sectores de actividade afectados e das patoloxías máis frecuentes, como é o caso das enfermidades

osteomusculares.

Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais. Na industria producíronse 162 casos e nos servizos 151, seguidos da construción que rexistrou 24 partes. A continuación, sitúase a pesca con 5 partes, e a agricultura con 2 casos.

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA&subopcion=mensuais



A Xunta impulsa a RSE como unha aposta integral para o reforzo da competitividade das empresas galegas

▶ A Consellería de Traballo e Benestar conta co Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) 2011-2014

▶ Este plan estratéxico busca contar con empresas máis competitivas e responsables co contorno e cuxos traballadores poidan experimentar melloras como a conciliación ou a igualdade de oportunidades

▶ O director xeral subliñou que o desenvolvemento da RSE debe estar liderado polas propias empresas porque “valores como o diálogo, a cooperación, a solidariedade, a comunicación ou a transparencia marcan o camiño” para facer fronte á crise

Narón, 16 de maio de 2012.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través do Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) 2011-2014, impulsa esta materia como unha aposta integral para a mellora das empresas galegas e para o reforzo da súa competitividade.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, inaugurou a xornada de traballo ‘Responsabilidade Social Empresarial’ en Narón (A Coruña) e lembrou que este plan estratéxico busca contar con empresas máis competitivas e responsables, respectuosas co contorno e cuxos traballadores poidan experimentar melloras como a conciliación ou a igualdade de oportunidades.

Na súa intervención, Martiñá indicou que o plan parte de tres obxectivos xerais: a formación, o coñecemento e a difusión da RSE; impulsar o incremento do número de empresas que incorporen prácticas socialmente responsables á súa xestión diaria; e actuar desde a propia Administración, como primeiro exemplo e como mostra visible do camiño que temos que seguir.

Na procura destes obxectivos, o plan define máis de 50 medidas, entre as que destacan a inclusión da

idea de RSE nas diferentes etapas educativas, para que a importancia deste concepto sexa asimilada polos cidadáns dende os seus primeiros anos de vida; o impulso ao Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial, como ferramenta de cooperación entre os axentes económicos e sociais; e o impulso da RSE a través de medidas de apoio, subvencións e adopción de medidas nos contratos públicos.

Non obstante, o director xeral subliñou que o desenvolvemento da RSE debe estar liderado polas propias empresas porque representa “o modelo de xestión por onde deben ir as organizacións porque valores como o diálogo, a cooperación, a solidariedade, a comunicación ou a transparencia marcan o camiño” para facer fronte á crise.

Odilo Martiñá apuntou que a RSE “non é un gasto, senón unha fórmula de xestión diferente que, ao mesmo tempo, supón un xeito de recuperar a confianza na empresa como elemento xerador de emprego e riqueza”. Un feito que as empresas deben comprender, en especial nun momento de crise no que a súa inversión neste eido viuse reducida.



Relacións laborais

O Plan estratéxico para cooperativas da Xunta impulsou a creación de 48 cooperativas e un incremento de ata 1.500 socios

Santiago, 2 de maio de 2012.- O Plan Estratéxico para Cooperativas da Consellería de Traballo e Benestar impulsou a creación de máis de 48 cooperativas en 2011 e o incremento dos novos socios ata preto de 1.500, o dobre que o ano 2009, e un número similar ao ano 2010.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, inaugurou unha xornada técnica sobre a modificación da Lei de cooperativas de Galicia, dirixida a reforzar un sector que sostén ao redor de 20.000 empregos na Comunidade. Na súa intervención, Martiñá indicou que coa reforma ampliase o apoio desde o punto de vista legal para adaptarse á normativa comunitaria existente, e tamén para flexibilizar e facilitar determinados trámites.

Entre as modificacións máis salientables figura a redución do mínimo de socios para constituír unha cooperativa a un total de 3, coa finalidade de estimular e fomentar a creación de sociedades desta natureza.

Tamén se modifica e mellora o límite de contratación de persoal asalariado no caso das cooperativas de ensino e de traballo asociado. Deste xeito, estas sociedades estarán menos limitadas á hora de atender as necesidades puntuais de incremento de persoal. Para iso, establécese un novo suposto de exclusión do cómputo de traballadores a tempo parcial en determinados supostos e porcentaxes.

Odilo Martiñá indicou que “esta nova norma vai dar resposta ás modificacións legais necesarias para a adaptación do réxime económico, tanto ás novas normativas como á realidade socioeconómica actual”. Neste punto, salientou a redución do 30% actual ao 25% da dotación de excedentes a fondos obrigatorios.

Así mesmo, o director xeral referiuse a aposta pola innovación mediante novas fórmulas organizativas, que permitirán ás cooperativas,

novas ou xa existentes, adaptar a súa estrutura ás súas necesidades reais. En concreto, créase unha nova clase de cooperativa, a cooperativa mixta de traballo asociado. Trátase dunha sociedade singular e excepcional, porque existen cooperativistas cuxo dereito de voto na Asemblea Xeral se pode determinar en función do capital achegado.

O obxecto desta fórmula é a de contribuír á captación de capital de posibles terceiros socios, pero tamén preservar o acceso efectivo do persoal asalariado da cooperativa á propiedade dos medios de produción.

Compromiso social e conciliación

Por último, Odilo Martiñá indicou que esta reforma contén tamén dous puntos importantes: o compromiso social e a igualdade e a conciliación da vida laboral e familiar.

Con respecto ao compromiso social, esta modificación da lei amplía as finalidades do Fondo de Formación e Promoción, que poderán destinarse a actuacións para a conciliación da vida laboral e familiar, así como para o fomento da igualdade, fomento da responsabilidade social, apoio a proxectos de emprendedores cooperativos xeradores de emprego, e particularmente no eido dos servizos sociais, e ao financiamento de proxectos cooperativos.

